

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

25 de maio de 2017

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

1/70 **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE ÁS SESIÓNS ORDINARIAS DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE DECEMBRO DE 2016, E 26 DE XANEIRO E 23 DE FEBREIRO DE 2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas os días 29 de decembro de 2016 e 26 de xaneiro e 23 de febreiro de 2017, respectivamente, nos seus propios termos.

A) PARTE RESOLUTIVA**INTERVENCIÓN**

2/71 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter A /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 4.750,00 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
19059	B27278845	A BILLARDA SL	201	32381.22799	4.750,00	--

3/72 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter B /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 1.499,20 euros

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
R062090/16	B27369909	ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL	CON248	23167.22799	622,55	
R062091/16	B27369909	ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL	CON249	23166.22799	347,27	
R065120/16	B27369909	ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS SL	CON254	23165.22799	529,38	



1499,2	1499,2
TOTALES	
	1499,2

4//73 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter C /2017.- O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 4.593,58 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
			FACTURA			
R066535/16	B27831783	ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA SL	8500000483	32382.22799	4.593,58	--
					4.593,58	4.593,58
TOTALES						4.593,58

5/74 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter D /2017.- O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 20.673,03 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
			FACTURA			
15074	B15850647	BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING SL	2016/0179	92500.22799	6.615,12	--
19079	B15850647	BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING SL	2016/0406	92500.22799	7.398,67	--
19080	B15850647	BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING SL	2016/0407	92500.22799	6.659,24	--
					20.673,03	
TOTALES						20.673,03



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

6/75 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter E /2017.- O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 34.942,81 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
19088	G15597669	FUNDACION DE ESTUDIOS Y ANALISIS (FESAN)	150	32384.22799	17.518,85	--
20315	G15597669	FUNDACION DE ESTUDIOS Y ANALISIS (FESAN)	210	32383.22799	17.423,96	--
					34.942,81	
TOTALES					34.942,81	

7/76 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter F /2017.- O Excmo. Concello Pleno, **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

8/77 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter G /2017.- O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 8.075,12 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
19611	A15030414	SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL SA	1591	31100.22799	8.075,12	--
					8.075,12	--
TOTALES					8.075,12	

9/78 EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter H /2017.- O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de

4

abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de de 13.469,00 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
			FACTURA			
R068918/16	G27020460	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO	A05000322	31100.22799	2.640,00	--
R068919/16	G27020460	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO	A05000323	31100.22799	2.459,00	--
R068920/16	G27020460	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO	A05000324	31100.22799	2.510,00	--
R068923/16	G27020460	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO	A05000325	31100.22799	2.740,00	--
R068924/16	G27020460	SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO	A05000326	31100.22799	3.120,00	--
TOTALES					13.469	--
						13.469

10/79 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter I /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, por oito votos a favor, nove en contra e oito abstencións, **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

11/80 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter J /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 9.748,91 euros, segundo a seguinte táboa:



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

CÓDIGO			NÚM.			
FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
18981	G27381797	FUNDACION CAMIÑA SOCIAL	16	23171.22799	9.748,91	--
					9.748,91	--
TOTALES					9.748,91	9.748,91

12/81 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter K /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 1.518,20 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO			NÚM.			
FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
R069511/16	A27142462	SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO SA	1606273	92002.21500	1.518,20	--
					1.518,2	--
TOTALES					1.518,2	1.518,2

13/82 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter L /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 60.715,67 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO			NÚM.			
FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	FACTURA	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
20286	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334355	92002.22799	6.931,55	--
20287	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334359	92002.22799	7.921,16	--
20288	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334360	92002.22799	7.921,16	--
20289	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334358	92002.22799	7.369,78	--
20290	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334361	92002.22799	7.665,63	--
20291	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334357	92002.22799	7.615,45	--

6

20292	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334356	92002.22799	7.369,78	--
20293	A81608077	T SYSTEMS ITC IBERIA SAU	9370334362	92002.22799	7.921,16	--
					60.715,67	--
TOTALES					60.715,67	

14/83 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter M /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, por oito votos a favor, ningún en contra e dezasete abstencións, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 2.278,37 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
19601	B15726177	TECNOLOGIAS PLEXUS SL	1532	92002.22799	2.278,37	--
					2.278,37	--
TOTALES					2.278,37	

15/84 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter N /2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

16/85 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter O /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, e visto o informe de Intervención Ref. 244/2017, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e a liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de 5.197,83 euros, segundo a seguinte táboa:

CÓDIGO	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚM.	APLICACION	IMPORTE	IVA DED.
FACTURA			FACTURA			
11143	33305506B	FERNANDEZ NUÑEZ JESUS	4	15300.21000	5.197,83	--
					5.197,83	--
TOTALES					5.197,83	



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

17/86 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter P /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, por oito votos a favor, nove en contra e oito abstencións, **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, anteriormente transcrita.

18/87 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter Q /2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

19/88 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter R /2017.-** Excmo. Concello Pleno, por oito votos a favor, nove en contra e oito abstencións, **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, anteriormente transcrita.

20/89 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter S /2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

21/90 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter T /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, por oito votos a favor, nove en contra e oito abstencións, **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

22/91 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter U /2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

23/92 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter V /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, por oito votos a favor, nove en contra e oito abstencións, **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

24/93 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter W /2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

25/94 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2 ter X /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, por oito votos a favor, nove en contra e oito abstencións, **ACORDA REXEITAR** a proposta de acordo da Concelleira Delegada de Economía, relativa á aprobación do referido expediente.

26/95 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 4 /2017.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na referida proposta, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, **ACORDA** aprobar a habilitación de crédito e o recoñecemento e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito de facturas relacionadas no Anexo con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **225.647,88** euros:

<p>IMPORTE TOTAL: 225.647,88 euros IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2017: 225.647,88 euros IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 euros</p>

FACENDA LOCAL

27/96 **EXECUCIÓN DAS SENTENZAS NÚMEROS 574/2016 E 57/2017 PRONUNCIADAS POLA SECCIÓN 4ª DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS NÚMEROS 294/2015 E 15235/2016.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- EXECUTAR as sentenzas números 574/2016 e 57/2017 pronunciadas pola Sección 4ª da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recursos contencioso-administrativos números 294/2015 e 15235/2016 e na súa virtude anular os epígrafes B, C e F.2 do artigo 4º da Ordenanza fiscal núm. 152 vixente no exercicio de 2016 así como o apartado do epígrafe F.2 do artigo 4º da Ordenanza fiscal núm. 152, referido ás grúas instaladas en terreos particulares, vixente no exercicio 2012.

SEGUNDO.- Trasladarlle o presente decreto á Sala do Contencioso-Administrativo, así como á Asesoría Xurídica, co obxecto do seu cumprimento.

28/97 **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 152, REGULADORA DOS APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA.-** O Excmo. Concello Pleno, con base na proposta da Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal núm. 152, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública, no tocante ós seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

“ORDENANZA FISCAL NÚM. 152 TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

Modifícase o epígrafe B do artigo 4º, que queda redactado do seguinte xeito:
 “**Epígrafe B:** Valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.

Por m² ou fracción e cada 15 días ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	3,57 €	0,98 €	0,69 €	0,42 €

Unha vez rematado o prazo de ocupación sinalado na licenza deberá o interesado solicitar a correspondente baixa da ocupación nas Oficinas de Policía Urbana e Transportes ou, de ser o caso, solicitar a correspondente prórroga. De non se cumpriren estes requisitos aplicarase o seguinte:

As cotas deste epígrafe serán obxecto da recarga do 50% unha vez rematado o prazo fixado na licenza e nos tres meses seguintes. O tempo que exceda de tres meses aplicarase á cota inicial do epígrafe a recarga do 100%.”

Modifícase o punto a) do epígrafe C do artigo 4º, que queda redactado do seguinte xeito:

“**Epígrafe C:**

a) Areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, silos, plataformas elevadoras, estadas eléctricas monomástil e outros:

Por m² ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	0,24 €	0,07 €	0,05 €	0,03 €

Modifícase o epígrafe D do artigo 4º, que queda redactado do seguinte xeito:

“**Epígrafe D:** Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
Tarifa anual (ano natural), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	57,96 €	15,84 €	11,16 €	6,84 €
Tarifa semestral (de maio a outubro, ambos inclusive), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	29,22 €	7,99 €	5,63 €	3,45 €
Tarifa trimestral (de xullo a setembro, ambos inclusive), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	14,61 €	3,99 €	2,81 €	1,72 €

No caso de que existiran toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

A superficie autorizada deberá de ser acotada pola Policía Local mediante pequenas escuadras pintadas no chan, co obxecto de facilitar a inspección da superficie realmente utilizada.”

Modifícase o punto 2) do epígrafe F do artigo 4º, que queda redactado do seguinte xeito:

“2) APROVEITAMENTO DO SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Roscas de ás ou soportes de condución aérea, unidade.	0,13 €
Postes de formigón armado, unidade.	13,38 €
Postes de estrutura metálica, unidade.	26,77 €
Caixas de distribución, unidade.	6,71 €
Transformadores eléctricos.	33,49 €
Aparellos subministradores de gasolina.	335,83 €

As grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas na vía pública e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, serán gravadas coas seguintes tarifas:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
1 mes	178,64 €	48,82 €	34,40 €	21,08 €
2 meses	357,28 €	97,64 €	68,80 €	42,16 €
3 meses	535,92 €	146,46 €	103,20 €	63,24 €
4 meses	655,02 €	179,01 €	126,13 €	77,29 €
5 meses	774,12 €	211,56 €	149,06 €	91,34 €
6 meses	952,76 €	260,38 €	183,46 €	112,42 €
Por cada mes, a partires do sexto mes:	178,64 €	48,82 €	34,40 €	21,08 €

No caso de grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas en terreos particulares e cuio brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, tributarán polo 75% das tarifas anteriores.

Cando a grúa, grúa-torre ou instalación análoga utilizadas na construción estean instaladas no interior dun espazo delimitado por valados, só se aplicará a taxa regulada no epígrafe B) deste artigo, sen perxuízo da liquidación da taxa que proceda pola ocupación do voo do dominio público municipal realizado pola grúa empregada na construción, conforme o presente epígrafe, sempre que o voo exceda do perímetro acoutado polo valado.”

Derrógase o artigo 7º.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, comezará a aplicarse ese mesmo día e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

29/98 APROBACIÓN INICIAL DO ESTABLECIMENTO E IMPLANTACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 406, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.- O Excmo. Concello Pleno con base na proposta da Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o establecemento e implantación do Prezo público número 406, regulador do prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor nos centros educación infantil e primaria, que queda redactado nos termos que se indica:

“ORDENANZA NÚMERO 406

REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

ARTIGO 1. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2. e 142 da Constitución e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de comedor nos centros públicos de educación infantil e primaria.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGO

Tendo en conta que as e os usuarios do servizo gravado por estes prezos son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, as súas nais, pais e titoras e titores, ou calquera outra ou outro representante legal.

A efectos da cuantía da tarifa distínguese entre usuarios habituais do servizo de comedor escolar e usuarios esporádicos

Os usuarios habituais de comedor escolar, son os escolares que reciben o servizo diariamente, pago mensual do servizo.

Os usuarios esporádicos do comedor escolar son os escolares o e o persoal funcionario docente e non docente así como o persoal laboral e alumnado en

prácticas de Maxisterio ou grao equivalente do centro educativo, que soliciten o servizo, sempre que existan prazas libres dos centros escolares, pago día solto.

ARTIGO 3. COTAS

Para os efectos de establecer as cotas que terán que achegar as familias das e dos usuarios do servizo municipal do comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria, diferénciase entre prestación ordinaria (pago mensual do servizo) e prestación esporádica (pago de día solto) por usuaria ou usuario.

O prezo do menú diario no almorzo, que cobrará a empresa por nena ou neno ás familias será de 1,80 € diarios.

O prezo do menú diario no xantar que cobrará a empresa por nena ou neno ás familias será de 3,60 € diario cando a asistencia da persoa usuaria sexa continuada, e o pago sexa mensual.

O prezo das e dos usuarios que utilicen o servizo de xantar días descontinuos será de 4,60 €.

Os ditos prezos non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme a normativa vixente.

ARTIGO 4. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

O prezos regulados nesta ordenanza devindicaranse no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

Na opción prestación mensual (pago mensual do servizo), as familias formalizarán asistencia coa inscrición no servizo, e as cotas quedarán domiciliadas. En caso de baixa do servizo, avisarase antes do 20 do mes anterior a causar baixa.

En caso de non poder asistir algún día ao servizo, é obrigatorio avisar á persoa coordinadora do centro ben por teléfono ou por correo electrónico non máis tarde das 20:00 horas do día lectivo inmediato anterior.

O pagamento do prezo público realizarase anticipadamente ao momento en que se outorgue a prestación do servizo, no caso das usuarias e usuarios habituais, que reciben o servizo diariamente, o cobro será por domiciliación bancaria que autorizará a nai, o pai, os titores ou representantes legais.

Na opción de prestación esporádica (pago de día solto), a usuaria ou usuario recollerá o ticket, polo menos un día antes da súa utilización. Nesta opción é obrigatorio saber o día de asistencia ao comedor.

ARTIGO 5. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, será de aplicación o Contrato administrativo, Ordenanza fiscal xeral, Lei xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

SEGUNDO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a este durante o mencionado período.

PERSOAL

30/99 **ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO NO QUE SE POÑA DE MANIFESTO QUE APLICANDO A MEDIDA DE CONVOCAR O CEN POR CEN DA TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS EN POLICÍA LOCAL E EXTINCIÓN DE INCENDIOS NON SE PON EN RISCO O CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** poñer de manifesto que aplicando a medida de convocar o cen por cen da taxa de reposición de efectivos en Policía local e Extinción de incendios non se pon en risco o cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria.

PROPOSICIÓNS

31/100 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 153/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á INCLUSIÓN DUNHA PARTIDA ORZAMENTARIA NO PROXECTO MURAMIÑAE PARA SITUAR UNHA GLORIETA NA VOLTA DA VIÑA.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Mixto (ACE-EU).

32/101 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 170/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUNHA GUÍA DE INTERVENCIÓN NO RECINTO HISTÓRICO E O SEU CONTORNO.-** O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA** instar ao goberno municipal a que elabore unha GUÍA DE INTERVENCIÓN NO RECINTO HISTÓRICO E O SEU ENTORNO, aberta, receptiva e respectuosa, que contribúa á posta en valor do noso Centro histórico e da Muralla, e sirva de base para dar os primeiros pasos para alcanzar a declaración de Patrimonio da Humanidade de todo o recinto amurallado e ou seu ámbito de influencia.”



33/102 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 171/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONVOCATORIA DA COMISIÓN TÉCNICA PARA O SERVIZO DO SISTEMA ORA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA** instar ao goberno municipal a que no menor prazo de tempo posible, convoque a Comisión Técnica para o Servizo do Sistema ORA, coa finalidade de tratar, entre outros, os seguintes asuntos:

1. Levar a cabo os procedementos necesarios para poñer en funcionamento un sistema de rotación do estacionamento gratuíto e controlado directamente dende o Concello.
2. Proceder á liquidación do contrato así como resolver a titularidade dos bens materiais relacionados co Sistema ORA.
3. Informar das posible afeccións tanto económicas como as relativas á subrogación do persoal vinculada a empresa concesionaria, como consecuencia dos xuízos entre traballadores e empresas.

34/103 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 172/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL (RISGA).- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición do Grupo Municipal Lugonovo e, en consecuencia, **ACORDA** instar á Xunta de Galicia a:

- Elevar en 2018 a dotación da RISGA, co obxectivo de igualala, canto menos, á media do conxunto do Estado.
- Impulsar, antes do remate do ano 2017, a publicación do Decreto que desenvolva a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, de xeito dialogado cos sindicatos e coas asociacións e entidades que traballan sobre a pobreza e a exclusión social.
- Regular, no devandito decreto, os tramos de inserción e transición ao emprego.
- Aumentar os Orzamentos da Consellería de Política Social en 2018 garantindo o orzamento suficiente para o desenvolvemento da Lei de Inclusión Social.

35/105 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 173/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE AFORRO ENERXÉTICO NOS CEIPS PUBLICOS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Lugonovo, coa redacción dada durante o transcurso do debate e, en consecuencia, **ACORDA** que o goberno, contando co Consello Escolar Municipal, deseñe e poña en marcha



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap05

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 25-5-2017

nos colexios públicos de infantil e primaria, durante o vindeiro curso académico, un proxecto de aforro enerxético inspirado no Programa europeo 50/50, establecendose no propio Consello Escolar Municipal os premios e incentivos a outorgar aos colexios que participen neste proxecto.

36/105 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 175/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE APLIQUEN CRITERIOS DE RENDA AO ACCESO Á ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía.

37/106 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 176/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADOPCIÓN E REGULARIZACIÓN MUNICIPAL DO OFICIO DE CERIMONIAS DE ACOLLEMENTO CIVIL OU BENVIDA CIDADÁ.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Mixto (ACE-EU) e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno Municipal a realizar os trámites necesarios coa fin de permitir a celebración de cerimonias de acollemento civil ou benvida cidadá oficiadas polas/os representantes da corporación nas dependencias da casa consistorial.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno Municipal á elaboración dunha ordenanza ou regulamento municipal que lle dea carácter de oficialidade administrativa a este tipo de celebracións no noso termo municipal.

38/107 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA, NÚMERO 177/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DECLARAR AO CONCELLO DE LUGO ESPAZO LIBRE DE EUCALIPTOS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar o termo municipal de Lugo como zona libre de eucaliptos naquelas zonas nas que a lexislación impida a súa plantación e co compromiso de promover medidas de potenciación das especies autóctonas para incrementar progresivamente a superficie libre de eucaliptais.

SEGUNDO.- Que o goberno municipal faga as xestións necesarias para que a Patrulla Verde da Policía Local actúe como órgano denunciante de irregularidades no caso de plantacións de eucalipto que, no termo municipal de Lugo, incumpran calquera normativa ou lexislación aplicable.

39/108 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA, NÚMERO 178/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A HUMANIZACIÓN DA RONDA DA MURALLA 2017-2027.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada

polo Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Concordar na futura peonalización da Ronda da Muralla.

SEGUNDO.- Executar un plan a medio prazo 2017-2027, de cara a que en 10 anos se teñan solucionado todas as alternativas precisas tanto de itinerarios de tráfico, como de uso do transporte público e de transportes alternativos que permita ter executada a peonalización total da Ronda da Muralla.

TERCEIRO.- Facer un estudo para a humanización e aproveitamento do espazo que a día de hoxe ocupan os vehículos na Ronda da Muralla.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

40/109 DEUSE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2016

ACTAS E GOBERNO

41/110 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 17 DE ABRIL DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

